



Traballos de
dragaxe dos
peiraos de
Viveiro



Páxina III

O Complexo
Deportivo de
Monterrei
reabre as
portas



Páxina VI

Entrevista ao
Alcalde de
Sober
Luís F. Guitián



Páxinas VII

Buscan en
Sober un
antigo
asentamento
medieval



Páxina X

O novo bus
urbano de
Monforte é
gratuito



Páxina XIV

Entrevista ao
Alcalde de
Monforte
José Tomé
Roca



Páxina XVI



Viveiro acorda permitir o uso das praias do termo municipal

Páxina II

Entrevista



María Loureiro García, alcaldesa de Viveiro

“Conseguiremos saír cara
adiante co esforzo e
implicación de todos”

Páxina V



Concello de Sober
Municipio de Interese Turístico

SÍGUENOS EN:



O PARAÍSO
é unha lenda
SOBER,
unha realidade
Visítanos

Ribeira Sacra
Patrimonio da Humanidade



Galicia

Viveiro permite ir ás praias

O Concello de Viveiro decidiu permitir o uso das praias "para o tránsito, permanencia e a práctica deportiva, profesional ou de recreo, mantendo unha distancia mínima de dous metros ou non seu defecto medidas alternativas de protección cun máximo de quince persoas por grupo". En todo caso, recomenda evitar a práctica de deportes colectivos e prohibe o baño en pozas ou regachos dos areais do municipio. En Viveiro a tempada alta empeza

o 1 de xullo e por tanto, os servizos das praias como duchas, aseos ou socorristas "permanecerán pechados durante a fase 2".

O Concello acordou a apertura das fontes públicas "única e exclusivamente para a recollida de auga destinada ao consumo" e segue prohibido beber delas, polo que se manterán pechadas as instaladas en paseos marítimos, prazas, parques ou zonas verdes "destinadas a beber directamente das mesmas".

A partir do 1 de xuño renovarase

a atención ao público presencial no rexistro xeral do Concello e as oficinas municipais, nestas "para a realización de trámites imprescindibles". En ambos os casos o funcionamento será mediante cita previa chamando ao teléfono 982.56.01.28 de 9 da mañá ás 2 da tarde. Así mesmo levántase a suspensión da celebración das sesións dos órganos Colexiados.

Desde o Concello lembran outros cambios da fase 2 como a liberdade horaria para pasear e facer exercicio fóra das franxas de dez a



Praia de Covas, en Viveiro.

doce pola mañá e de sete a oito pola tarde, "reservadas para vos maiores de 70 anos e persoas vulnerables"; que nos paseos con menores de 14 anos poden ir os dous pais ou que os grupos deben ser dun máximo de 15 persoas agás se son conviventes.

Tamén se levanta a suspensión da celebración de matrimonios civís con 100 persoas ao aire libre ou 50 en espazos pechados e un 50% do aforo, o mesmo que se aplica aos lugares de culto. É do 40% no caso do interior de locais de hostalería e restauración.



Orzamento de emerxencia para a reactivación económica de Viveiro

O Concello de Viveiro presentou un plan con medidas para a reactivación económica do municipio consensuado entre o goberno socialista de María Loureiro e o grupo independente Por Viveiro de Bernardo Fraga. "Acorde á situación económica do Concello", segundo a alcaldesa, as axudas suman medio millón de euros, un orzamento de emerxencia que prevé aprobar ao longo deste mes.

O proxecto inclúe once puntos, que contemplan o incremento en

30.000 euros da partida económica destinada a emerxencia social, así como unha axuda equivalente á cota mínima de tres meses para os autónomos que tiveron que cesar a súa actividade pola emerxencia sanitaria do covid-19, cuxo importe global ascende a 400.000 euros, repartidos entre os 550 establecementos que funcionan no municipio pertencentes a 120 modalidades de actividade.

A rexedora destaca "o carácter social" que terán este ano os or-

zamentos, unha liña que prevén continuar no próximo 2021. Loureiro asegura que todas as propostas valoráronse para "que sexan viables e non leven ao Concello á ruína económica", mentres que Fraga agradece a acollida do goberno local ás súas propostas, porque "nunha situación de emerxencia hai que adoptar as medidas excepcionais que sexan necesarias".

O Concello vivariense tamén bonificará na súa totalidade a taxa por ocupación da vía pública



María Loureiro, alcaldesa de Viveiro.

con terrazas aos establecementos de hostalería, en función da cifra abonada no pasado 2019, que alcanzou os 40.000 euros. Esta

medida estenderase ás que estean afectadas por Portos ou Costas, no caso de que devanditos organismos non eximan das mesmas.

Portos de Galicia efectúa traballos de dragaxe dos peiraos de Viveiro

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, iniciou os traballos de dragaxe dos peiraos do municipio lucense de Viveiro. O ente público prevé que a draga especializada na realización deste tipo de labores comece a operar en canto chegue a Viveiro procedente de Dinamarca.

Os traballos consistirán na retirada de 50.000 metros cúbicos de material areoso dos fondos mariños dos peiraos deste concello lucense. A actuación permitirá a recuperación de calado na canle de acceso, no peirao pesqueiro e no porto deportivo, o que dá resposta ás demandas realizadas polo sector. Os traballos comezarán na canle de acceso e na dársena pesqueira e continuarán despois no peirao



deportivo.

As obras para a dragaxe dos peiraos de Viveiro, que contan cun orzamento dun millón de euros, arrancaron o pasado mes de decembro con actuacións

previas á chegada da draga e o plan de traballo realizouse en coordinación coa empresa que explota o peirao deportivo co obxectivo de non ocasionar molestias aos usuarios.

Viveiro flexibiliza o pago dos recibos da auga

O Concello de Viveiro mantivo varias conversacións coa empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga, Viaqua, co fin de adoptar unha serie de medidas para facilitar o pago dos recibos.

Todos os colectivos que ante esta situación excepcional presenten dificultades de pago poderán financiar ou aprazar as facturas, sen intereses. A empresa concesionaria tamén ofrece o plan de cota fixa, Plan 12 Pingas, que pode solicitar calquera cliente e que permite pagar todos os meses o mesmo importe en base ao consumo do ano anterior, regularizando ao final do ano a situación. A suspensión de todos os cortes de subministración que estaba en marcha para as persoas en situación de vulnerabilidade económica, esténdese agora a todos os clientes, paralizando calquera acción de reclamación de débeda ou de cortes de subministración. Ademais amplíase o prazo de período voluntario de pago de facturas a 90 días.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo – Manso Preto – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Galicia

“Viveiro a través do tempo” documental de David de Bartolomeu

David de Bartolomeu, cineasta de Viveiro, retoma o cinema ao grande co documental “Viveiro a través do tempo.” A cinta retrospectiva sobre a historia da cidade será en galego, con 76 entrevistas a veciños vinculados á arte, a ciencia, o deporte e a política. A alcaldesa, María Loureiro, e o director confirmaron na presentación que Viveiro acollerá a súa estrea este verán, aínda que haberá unha presentación previa en Cannes. “Nunca se fixo unha película así, quedará para os anais da historia”, resaltou a rexedora, quen acolleu o proxecto “cos brazos abertos” e conta co respaldo da Deputación de Lugo. Terá dúas versións: unha de 1,45 horas e outra de tres, para coleccionistas. Conta co artista Joni Ramos (Got Talent), que fará a canción en acústico e en funky, á que se su-



O documental terá 4.000 imaxes históricas como ésta da Coral Alborada.

mará a música dunha orquestra sinfónica; a Rafa Rivera, que achega imaxes antigas (4.000 serán restauradas e formarán parte dun libro). No guión colabora Claudia, irmá de David, e na produción, o seu primo Diego.

David, que resalta que Viveiro é das poucas vilas con material filmado de 1929, ofreceu a posibilidade de colaborar aos seus

socios americanos, quen lle ofreceu os seus recursos para a posproducción ou a montaxe. A película estará dedicada ao seu pai e ao seu irmán, así como aos devanceiros dos vivarienses, “é un soño, porque me permite contar a historia da miña cidade de forma orixinal e persoal en galego, pero tamén inclúe testemuños en castelán e en inglés.

As analíticas dan resultado favorable da Praia de Covas e as augas de baño

O Concello de Viveiro, tras os labores de dragaxe realizadas por Portos de Galicia na ría, encargou a realización de diversas analíticas co obxectivo de coñecer o estado actual tanto da praia de Covas como das augas de baño. Tomáronse mostras en dous puntos da auga e en catro puntos da area, en todos os casos na zona de vertido; nas análises realizadas, sobre parámetros microbiolóxicos, obtivéronse resultados favorables en todos os casos.

A finais de maio repetiránse estas probas engadindo, ademais, a análise de metais pesados. Co obxectivo de comprobar a evolución destes resultados e, en todo caso, o estado deste areal, distinguido con recoñecidas certificacións medioambientais, o Concello realizará analíticas quincenais ao longo dos dous vindeiros meses.

O seguimento medioambiental das obras de dragaxe corresponden a Portos de Galicia, segundo o establecido no “Programa de vi-



Praia de Covas.

xiancia ambiental”, incluído no proxecto da obra, no que se prevé a realización de diversas actuacións, controis, informes e analíticas antes, durante e despois das propias labores de dragaxe; unha empresa contratada polo ente autonómico estase a encargar de executar este programa.

Dende o goberno municipal sempre se manifestou a súa preocupación pola obra referida e os seus posibles efectos medioambientais, polo que encargaron as analíticas indicadas co fin de ir comprobando cunha periodicidade quincenal os parámetros referidos, debendo valorar positivamente os bos resultados ob-

tidos nesta primeira proba.

Dende que comezaron estas labores de dragaxe, o Concello de Viveiro estivo en todo momento seguindo as actuacións realizadas. A alcaldesa do Concello de Viveiro, María Loureiro, púxose en contacto coa presidenta de Portos de Galicia, a primeira hora da mañá do luns 20 de abril, para interesarse polos controis medioambientais que se estaban a seguir para a execución das obras; esa mesma mañá, a técnica municipal de medio ambiente achegouse á praia de Covas, lugar no que se iniciaron os traballos co dragaxe da canle de acceso e o verquido na praia.

Viveiro constrúe un circuío de karts no parque de aventuras

O parque de aventuras Roq Park situado no monte San Roque incorporará para a súa previsible reapertura en xuño un circuío “ecolóxico” de karts a pedais, inicialmente con doce vehículos dunha praza, catro deles para uso infantil e oito para adultos. O circuío de karts sería toda unha novidade na comarca e máis aló.

Nestas semanas que quedan ata a reapertura prevén terminar esta obra e tamén a instalación dun alpendre na zona que dedicarán ao tiro con arco, ademais de realizar o mantemento no resto de xogos e plataformas en altura. Ao ser un parque de acti-



Parque de aventuras no monte San Roque.

vidades ao aire libre cren que poderán empezar “con garantías” a principios de xuño, aínda que lles preocupa saber ata cando non poderá desprazarse xente desde outras provincias.

A estación de autobuses de Viveiro terá novas cubertas

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciou a actuación de reforma integral da estación de autobuses de Viveiro, á que destina un orzamento de 221.300 euros, o maior aplicado a estacións de autobuses da provincia de Lugo. Está prevista a substitución total da cuberta do edificio da estación e tamén a aplicación dun tratamento anticorrosión á cuberta da dársena.

O proxecto inclúe o cambio da porta exterior de acceso dos autobuses á dársena e o pintado dos bordos. Ademais, prevense actuacións de mellora e acondicionamento no interior do edificio, que afectarán principalmente aos falsos teitos e aos aseos. Tamén se colocarán unhas pantallas electrónicas para reforzar a información sobre as chegadas e saídas dos autobuses.

Viveiro contrala a poboación de gaivotas

O Concello de Viveiro pon en marcha un ano máis o servizo para o control da poboación urbana da gaivota patiamarela, que se prestará en todo o municipio. Viveiro foi pioneiro na provincia de Lugo na prestación deste servizo. O obxectivo xeral é a mellora na calidade de vida dos cidadáns, levando a cabo unha correcta xestión da poboación destas aves para previr e evitar o crecemento desmesurado da mesma, provocando posibles plagas e problemas de salubridade pública, ó tempo que se asegura o benestar desta especie.

Preténdese conseguir a redución e desprazamento da poboación de gaivotas que ten colonizado o medio urbano, facendo uso do mesmo para alimentarse e colonizando os tellados para ubicar as súas zonas de cría, o que xera unha serie de problemas á veciñanza, como rúidos, malos olores, desperfectos nos tellados e, incluso, ataques a persoas. Este servizo vense mantendo no tempo, sendo este o segundo ano consecutivo. Na campaña anterior realizáronse 307 actuacións, accedendo a 586 tellados, nos que se retiraron 356 niños, 556 ovos e 166 polos.

María Loureiro García, alcaldesa de Viveiro

“Conseguiremos saír cara adiante co esforzo e implicación de todos e todas”

María Luz Loureiro García (Viveiro 1981) foi reelexida alcaldesa de Viveiro polo PSdG-PSOE nos comicios do 26 de maio de 2019. Doctora en Economía e licenciada en Dereito téñen varios méritos de xestión e diversos premios. É deputada provincial polo partido xudicial de Viveiro.



- Cómo afrontou o Concello a COVID 19?

Dende o comezo desta crise, o Concello de Viveiro vén traballando con dous obxectivos prioritarios, a adopción de medidas para evitar a propagación do virus e a posta en marcha de accións destinadas a paliar as súas consecuencias, ao tempo que se mantén a actividade administrativa naqueles servizos nos que isto é posible.

Os primeiros esforzos centráronse na actividade preventiva, co obxectivo de velar pola saúde pública e evitar contaxios. Con esta finalidade, viñéronse realizando diversas accións, como a cancelación de actividades, o peche de instalacións, a suspensión de servizos -excepto aos considerados esenciais- ou a desinfección de rúas, papeleras, contedores e viais, entre outras medidas; neste momento, tamén se está a traballar na colocación de barreiras de protección nas dependencias municipais, co fin de estar preparados para o momento no que se produza a reincorporación presencial ao traballo dos servizos municipais.

Tratándose dunha crise inicialmente sanitaria, a COVID 19 conleva consecuencias sociais e económicas innegables e dende o Concello de Viveiro tamén se adoptaron medidas para paliar, na medida do posible e dentro das propias competencias, estes efectos.

Habilitouse un teléfono diferenciado para aquelas persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade ou desamparo e non contan con apoio familiar ou social e creouse un servizo telefónico de atención psicolóxica. Dende o Centro de Servizos Sociais -no que xa se retomou a atención telefónica diaria e presencial por parte das traballadoras sociais e educadoras sociais, cando resulte imprescindible, vense realizando un traballo fundamental, entre o que se inclúe o reparto de alimentos a aquelas

familias que se atopan en situación de vulnerabilidade. Tamén se puxo en funcionamento un servizo de impresión de material educativo para o alumnado que non dispón de recursos tecnolóxicos, facendo entrega do mesmo no propio domicilio; o concello tamén se encargou de entregar ao alumnado os libros que quedaron nos centros e os ordenadores de empréstito facilitados pola Xunta de Galicia a aqueles mozos e mozas que non dispoñían deste recurso. Tamén se organizaron iniciativas culturais dirixidas aos máis pequenos da casa e programáronse actividades para conmemorar distintas efemérides, como o Día do Libro Infantil, Día Mundial da Conciencia do Autismo ou o Día das Letras Galegas. Finalmente, o concello encargouse de xestionar unha importante iniciativa solidaria na que, grazas a todo o material doado e ao traballo dos voluntarios e voluntarias, se puideron repartir unhas 7.000 mascarillas entre o centro de saúde, residencias, supermercados ou gasolinerías, ademais de distribuílas entre os colectivos de risco ou os máis pequenos.

Tamén se adoptaron medidas con respecto ao cobro de impostos ou taxas inminentes; decretando a suspensión do prazo para o pago voluntario do IVTM, previsto do 1 de abril ao 1 de xuño, e dando as indicacións oportunas para que no momento da elaboración dos padróns dos servizos que implican o cobro de taxas, como pode ser a gardería (cuxo prazo de matrícula tamén se aprazou), a piscina ou o conservatorio, se teñan en conta os decretos de suspensión das distintas actividades aos efectos de liquidar nas mensualidades afectadas unicamente os importes correspondentes aos períodos non afectados pola suspensión; consecuentemente, todas estas taxas están paralizadas dende o primeiro momento. Tamén se realizaron as

xestións oportunas coa empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga co fin de establecer unha serie de medidas para facilitar o pago destes recibos, como o financiamento ou aprazamento das facturas ou a ampliación do prazo do período voluntario de pago a 90 días, entre outras medidas.

Por último, o Concello de Viveiro está traballando para poder executar un Plan de Reactivación Económica, dotado de 500.000 euros, que contempla unha liña de axudas, por importe de 400.000 euros, dirixidas aos titulares de actividades que tiveron que permanecer pechadas durante o Estado de Alarma. Consideramos que se trata dunha medida extraordinaria, coa que pretendemos garantir a viabilidade dos centos de postos de traballo afectados en Viveiro polo cese da actividade, manter o tecido empresarial actual e conservar o emprego existente, como eixe fundamental para preservar a economía do municipio.

Atopámonos ante a maior crise sanitaria e económica da nosa historia recente; somos conscientes de que veñen tempos duros, pero a nosa intención é seguir traballando para que os nosos veciños e veciñas poidan superar esta situación canto antes.

- As celebracións previstas para primaveira e verán serán noutras datas?

De momento seguimos en Estado de Alarma e aínda que o proceso de desescalada xa se iniciou, non se poden facer previsións con respecto ás posibles medidas ou restricións que será preciso acatar nas vindeiras semanas ou meses. Tendo en conta que non sabemos cando finalizará esta situación nin coñecemos as condicións que se establecerán para a celebración de eventos ao aire libre, unha vez finalizado, a día de hoxe non é posible pospoñer estas actividades

para outra data.

Canceláronse as festas organizadas polo concello nos meses de xullo e agosto, entre as que se inclúen o Mercado Renacentista e as Festas do Verán, así como todos os eventos e celebracións vinculadas á súa programación, como son, entre outras, as Feiras do Libro e de Artesanía, o Festival de Corais ou a Mostra Folclórica.

Con respecto a todas as demais, as que non son organizadas polo concello, no momento no que se solicite a autorización municipal para a súa celebración valorarase cada unha delas e, no caso de que non se poida garantir a seguridade, o concello non autorizará a súa celebración.

O concello tomou esta determinación tendo en conta a situación actual e as características propias dos eventos referidos, por responsabilidade e priorizando a seguridade e a saúde pública por riba de calquera outra cuestión, tendo en conta que non se pode garantir o cumprimento das recomendacións sanitarias e de hixiene, a distancia de seguridade establecida para combater a propagación do virus ou as limitacións de aforo.

Consecuentemente, dende o goberno municipal estase a traballar nunha programación alternativa que se adapte ás circunstancias actuais, pois é evidente que nos agarda un verán moi diferente, no que non poderemos disfrutar das festas ou eventos aos que estábamos acostumados.

Neste momento consideramos que o máis importante é continuar avanzando nas fases da desescalada e ir recuperando paulatinamente tanto a nosa vida cotiá como a actividade económica, pero sen esquecer que é necesario seguir minimizando o risco de contaxios, extremando as precaucións e cumprindo de maneira exhaustiva as medidas establecidas polas autoridades competentes.

- Esta situación cómo afecta ó futuro inmediato de Viveiro?

As consecuencias económicas desta crise son evidentes, sobre todo nun concello como este, no que o sector da hostalería supón un 50 % da súa actividade e no que o turismo ten un peso tan relevante. Aos afectados causados polo cese da actividade ou polas limitacións na mobilidade, cómpre engadir os perxuízos que na economía local causan a cancelación de eventos e celebracións, dende a Semana Santa ao Resurrection Fest, por citar só dous dos máis importantes. Así mesmo, esta situación está influíndo negativamente noutros sectores; sabemos, por exemplo, que a pesca -que tamén é fundamental no noso municipio- se está vendo afectada.

Como dixen, esta crise vai provocar grandes dificultades, pero estou convencida que, co esforzo e implicación de todos e todas, conseguiremos saír cara adiante. O principal neste momento é salvar a crise sanitaria, polo que dende o goberno municipal continuaremos traballando para velar pola seguridade e saúde pública dos nosos veciños e veciñas. Desgraciadamente, debemos lamentar o falecemento de dous veciños como consecuencia do COVID 19; algúns afectados conseguiron xa superar a enfermidade e outros veciños con coronavirus evolucionan favorablemente a día de hoxe.

No contexto desta crise global, debemos ser conscientes de que camiñamos cara unha nova normalidade e que, polo tanto, os vindeiros meses serán moi distintos á realidade que coñeciamos ata o de agora; dende o goberno municipal, dentro das nosas posibilidades e dentro das propias competencias, traballaremos para intentar paliar as súas consecuencias co obxectivo de mellorar, en todos os ámbitos, a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Galicia

O Complexo Deportivo de Monterrei reabre as portas

O Complexo Deportivo de Monterrei vén de abrir as súas portas seguindo o protocolo básico de actuación elaborado pola Xunta e que será plenamente vinculante sen prexuízo das normas que se publiquen por parte da autoridade competente durante o transcurso da pandemia. Nesta primeira fase da desescalada o obxectivo será a recuperación dos adestramentos. A práctica deportiva será individual ou que se poida desenvolver por un máximo de dúas persoas no caso de modalidades así practicadas, sempre sen contacto físico mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso a distancia social de seguridade de dous metros.

Ao recinto poderá acceder calquera persoa que desexe realizar unha práctica deportiva, incluídos os deportistas de alto nivel, de alto rendemento, profesionais, federados, árbitros ou xuíces e persoal técnico federativo. Poderá acceder cos deportistas un adestrador no caso

que resulte necesario, circunstancia que deberá acreditar debidamente. Poderase permitir un acompañante a deportistas con discapacidade ou menores que requiran a súa presenza.

O horario de apertura será de luns a domingo de 9,00 a 22,00 horas e os espazos dispoñibles serán as 4 pistas de tenis, 2 pistas de pádel, pista de atletismo, 2 pistas polideportivas, aseos do edificio principal, aseos da pista de atletismo así como o resto de espazos o aire libre. O tempo de utilización das instalacións será dunha duración máxima de dúas horas por quenda.

Os usuarios deberán concertar cita telefónica de 09,00 a 12,00 no teléfono 629576393. Ademais deberán presentarse nas oficinas do Complexo Deportivo de Monterrei para o seu rexistro e verificación de horario e instalación, así como cumprimentar a ficha do Anexo I que se pode descargar na páxina web do Deporte Galego. Todos os usuarios deberán cumprir estritamente coas medidas de protección e seguridade estable-



cidas polas normas vixentes e detalladas no protocolo básico de actuación.

No primeiro día de apertura, o Complexo Deportivo de Monterrei concertou 3 citas para as pistas de atletismo, 6 para as pistas de tenis e 4 para as pistas de pádel. Neste protocolo básico de actuación subido no portal do Deporte Galego establécense as medidas levadas a cabo previas á apertura do centro así como as medidas que deben realizar os usuarios para cada espazo dispoñible.

Homenaxe ó persoal das residencias do municipio



O Concello do Pereiro de Aguiar homenaxeou ó persoal dos tres centros polo traballo e a implicación que demostraron desde que se decretou o estado de alarma por coronavirus. O alcalde, Luís Menor, achegouse a entrada das residencias para aplaudir o labor dos traballadores. Fíxoo acompañado de varios voluntarios do servizo de Protección Civil. "Temos unha grandísima relación cos traballadores destas residencias e hai que ter en conta que unha gran porcentaxe dos seus usuarios son veciños de Pereiro, así que non quixemos perder a oportunidade de recoñecer o enorme traballo que están a facer nuns tempos tan difíciles como os actuais", dixo Menor.

En DomusVi xunto a parte do persoal saíron á porta varias das persoas maiores que viven na re-

sidencia. Tamén no centro Monterrei animáronse a aplaudir os usuarios, cuxa ilusión e emoción fíxose visible durante toda a visita. "O protagonismo foi totalmente para eles. Son persoas moi queridas en todo o Concello e gozamos moito podendo animalas aínda que fose un anaco de tempo", engadiu o alcalde.

O persoal de Os Gozos recibiu a homenaxe con total entusiasmo, os traballadores da residencia animáronse a saír, equipados con material de protección, e bailar durante os aplausos.

En Pereiro de Aguiar hai tres residencias. Dúas da Fundación San Rosendo e están situadas en O Penedo (unha de maiores, a da nosa Señora de Os Gozos e a outra para persoas con discapacidade psíquica, en Monterrei). A terceira, privada, é o asilo DomusVi, ubicado na Medorra.

Traballos de escolares no encoro de Cachamuíña

Os alumnos do colexio Ben-Cho-Shey, do Pereiro de Aguiar, traballaron durante o curso para converter a contorna do encoro de Cachamuíña nunha aula ambiental. Investigaron sobre a flora e a fauna deste espazo natural e coa información solicitada elaboraron murais nos que recollen toda a información relativa ás árbores que se poden observar durante o paseo polo encoro, as aves que habitan a zona e outros elementos da vexetación e fauna.

O Concello completou a tarefa



O Concello colocou os paneis no encoro de Cachamuíña.

colocando os paneis ao longo do paseo. O alcalde explicou que "a idea era facelo co colexio pero en vista da situación, de-

cidimos instalalos para que cando se levante o confinamento e a xente poida saír a pasear xa estea listo".

Doazón a Protección Civil do Pereiro

Os catro concelleiros e concelleiras socialistas doarán 1.360 €, que lles corresponden por dietas e

comisións. Con esta doazón os socialistas queren contribuír a que o Concello poida adquirir alimentos ou máis material sa-

nitario como "mascarillas, luvas, lixivia, ou desinfectantes, para protexer a veciñanza, previndo novos contaxios, especialmente de fronte ao levantamento graduado do confinamento nas próximas semanas".

O Pereiro terá novo centro de saúde este verán



Video conferencia da conselleira de Infraestructuras Ethel Vázquez.

No centro de saúde do Pereiro de Aguiar xa está rematada a envolvente exterior e a cuberta e tamén se avanzou no interior, restando traballos de pintura, iluminación, mobiliario e sinalización. Está pendente de executar a urbanización exterior. Este centro de

saúde, cun orzamento autonómico de 1,1 millóns de euros, conta cun grao de execución do 85%. O novo centro proporcionará aos veciños unha atención primaria máis próxima, máis moderna e mellor adaptada ás súas necesidades. O alcalde, Luís Menor, estima que as obras rematarán este verán.

Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober

“O futuro de Sober a medio prazo está garantido”

Luís Fernández Guitián (1962) foi mestre do Conservatorio de Música de Ribadavia e creou e dirixiu a banda xuvenil de música. Logo foi mestre no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra, onde tamén dirixiu a banda do centro. Pasou despois ao Conservatorio Profesional de Música de Ourense, onde foi mestre de clarinete e clarinetista da Banda Municipal de Ou-

rense. Foi director da Banda e da Escola de Música de Sober 1997 e tamén creou a Banda Xuvenil de música. Foi correspondente en Sober do xornal El Progreso e da Axencia EFE. Na actividade política, foi concelleiro de Cultura e tenente de alcalde do concello de Sober. Nas eleccións municipais de 2011 encabezou a candidatura do PPdeG á Alcaldía de Sober, obtivo a maioría absoluta e foi eli-

- Cómo afrontou o Concello a situación da COVID 19?

- O Concello afrontou a situación con serenidade e colaborando con todos os sectores produtivos do municipio cando era necesario. E segundo foron reabrindo os distintos negocios fôiselles facilitando material e, principalmente, coidando a atención dos maiores e dos seus coidadores. Prestouse especial atención á Residencia Virxe do Carme e ás traballadoras da Axuda a Domicilio. Desde o Concello facilitáronselles desde o primeiro momento os EPIS que foron necesarios, principalmente os que se ían recibindo por parte

da Xunta de Galicia, aínda que houbo máis doazóns.

- As feiras do viño e da rosca en qué situación quedan este ano?

- Dependendo como vaia a desescalada, pero o que parece lóxico é que as celebracións de máis afluencia, como podería ser a Feira do Viño, que xa quedou cancelada ou a Feira da Rosca para este verán, van ter que ser pospostas ou reorientadas, é dicir, non como eventos masificados. Sii que van abrir as piscinas, tendo en conta todas as medidas sanitarias que demanden as autoridades correspondentes e, o que está claro, é que todo tipo

de actividade que se faga vai ser seguido as pautas e, loxicamente, con menos afluencia.

- Cómo ve o futuro inmediato dos soberinos?

- Sober e a Ribeira Sacra teñen un potencial moi grande, principalmente no sector turístico e do viño e, aínda que a curto prazo si se vai ver afectados os sectores principais, como o do turismo ou do viño debido á crise tanto sanitaria como económica que parece que vai vir, penso que nun prazo dun ano se vai volver á normalidade e máis tendo en conta que están esas candidaturas de Ribeira Sacra Patri-



Luís Fernández Guitián na toma de posesión da Alcaldía.

monio da Humanidade e de Ribeira Sacra reserva da biosfera que son un potencial grandísimo. Entón organizando as cousas tal e como

nos manden as autoridades sanitarias, está claro que o futuro de Sober e da comarca a medio prazo está garantido.

Sober, encrucillada de camiños

A historia de Sober, municipio do sur lucense pertencente á Comarca de Lemos, está marcada, en gran medida, pola súa estratéxica posición xeográfica, sobre todo, como encrucillada de camiños cara ás veciñas terras de Ourense. As ordes monásticas asentadas nas ribeiras do río Sil e a familia dos López de Lemos, señores de Sober, Ferreira de Pantón e Amarante marcarán en boa parte o acontecer histórico deste municipio.

A fertilidade dos campos de Sober deu lugar a que desde antigo fosen considerados como os mellores solos agrícolas de Lemos e a este respecto acuñouse o famoso proverbio popular que di: Terrón por terrón, vaite a Pantón, e se che dan a escoller, vaite a Sober, recollido, entre os autores Otero Pedrayo e Amor

Meilán. Esta riqueza das terras de Sober deu lugar a que, na época medieval, fosen codiciadas por señores feudais e mosteiros, debido á súa rica produción.

As primeiras noticias escritas nas que se fala de Lemos -zona que conforma a unidade territorial ben definida no sur da provincia de Lugo e na que se engloban os concellos de Sober, Pantón, Monforte, Bóveda, Saviñao e A Pobra do Brollón- débense, sobre todo, ó naturalista romano e procurador, no ano 73 d. de C. da Hispania Citerior, Plinio el Viejo. Este, no seu Naturalis historia, cita ós Lé-mavos como unha tribu asentada na actual Comarca de Lemos, cuxa capital se fixa no Castro Dactonium, o actual Monforte. O xeógrafo grego Ptolomeo complementa e confirma, con posterioridade, os datos aportados por Plinio

sobre os pobos que habitaban Galicia no século II d. de C.

En Sober, as ribeiras dos ríos Cabe e Sil, ó igual que noutros puntos da nosa xeografía, foron centros de atracción nos que se asentaron esas primeiras tribus de cazadores que chegaron a Galicia. Restos deixados por estes homes neolíticos en terras soberinas localízanse en Bolmente, Anllo, Brosmos, Doade, Figueiroá, Pinol e Proendos. Nestes lugares aínda se poden ver restos de mámoas, construcións sepulcrais da época megalítica formadas por un dolmen cuberto por un montículo de terra de planta circular duns cinco metros de altura.

Na época da prehistoria de Sober tamén se encadran as denominadas insculpturas rupestres ou petróglifos. Con este nome coñécese os numerosos conxuntos



Petróglifos de O Xestal, en Proendos.

de gravados ó aire libre que se reparten pola xeografía galega. Aínda que presentan unha variada gama tipolóxica, o tema máis característico e que lle confire á arte rupestre galaica unha personalidade diferenciada é o das combinacións circulares, co seu amplo e complexo espectro, segundo afirman os investigadores Peña Santos e Vázquez Varela.

En Sober consérvase un bo nú-

mero de petróglifos, a maioría deles en Proendos e tamén nas parroquias de Figueiroá e Milán. Todas estas insculpturas rupestres pertencen á tipoloxía das combinacións circulares. O seu significado non está claro, aínda que se lles atribúe un simbolismo máxico-relixioso. Cronolóxicamente esta manifestación artística fíxase na idade de bronce entre o ano 1800 e o 1700 a. de C.

Reportaxe

Redacción

As peregrinacións marcaron unha etapa florecente para Sober

Sober ten unha extensión de 133,52 quilómetros cadrados. O municipio localízase ó sur da provincia de Lugo, dentro da comarca da Terra de Lemos. Organízase en 22 parroquias. Os seus límites xeográficos son: Monforte e Pantón polo norte; ó sur, o río Sil que forma o límite coa provincia de Ourense; ó leste, con Monforte, e ó oeste con Pantón. As vías principais de comunicación e acceso ó municipio por estrada son a N-120 que o une ó eixe Ourense-Vigo cara ó leste e a meseta cara ó oeste, e as estradas comarcais que o enlazan con Pantón, Monforte e Castro Caldelas. En canto ó ferrocarril, este

lobo ibérico e é abundante o porco bravo; son frecuentes a londra, o porco teixo, a xineta, o esquío, o corzo, o raposo, a garduña, a donicela, o ourizo cacho, a toupa, a musaraña, o gato montés e outros pequenos mamíferos. Algúns mamíferos como o lobo –que antano criaba prolíficamente no monte de Bolmente– apenas aparecen esporádicamente empurrados pola falta de alimentos e pola presión do home. Outros, como o gato montés, son moi fuxidíos e adoitan vivir en zonas de difícil acceso.

As aves rapaces volven poboar como azor, o falcón, o gabián, o rateiro común, o miñato, o lagarteiro, o aguiacho cincento e pálido, e con aves nocturnas como o bufo real, o bufo chico, o moucho das orellas, o moucho común, autillo e a curuxa común e campestre. No inverno aparecen concentracións de aves acuáticas tales como patos mergulladores, a garza real e o corvo mariño. Podemos contemplar outras moitas aves como a cegoña branca, o alcaudón real, o corvo, choia, a gravilla, a pega, o cuco, a bubela, o ouriolo, a rula, a pomba torcaz, o paspallás, a perdiz, o merlo, o peto, o reiseñor, o xilgaro, e un longo etc. de paxaros.

Ríos de Sober

Estas terras enmárcanse na conca do Sil, que xunto co Cabe actúan de límites municipais polo sur e polo oeste. Moitos outros arroios recorren estas terras entre os que destacan o Camilo, o Acea, o San Mateo, o Lampaza, o Sante, o Fervedón, o Regato das Lamas, o Pousavedra e o regato de Portizó que conta cunha caída de máis de 250 metros.

Riqueza monumental

Nas terras de Sober encontramos restos artísticos que van desde os tempos protohistóricos ata a época moderna. Os homes neolíticos e da idade dos metais coas súas insculpturas e as súas construcións megalíticas deixaron claras pegadas da súa presenza por estes lugares. A cultura castrexa foi unha das que tivo maior presenza en Sober. De feito os primeiros soberinos pertenceron a algunha das tri-

bus que Plinio denominou Lémavos e que se situaban no que hoxe é a Comarca de Lemos. Os romanos, que entraron polo curso fluvial do río Sil, tamén deixaron a súa pegada en Sober, aínda que en menor medida. Tamén o fixeron os suevos e os musulmáns.

Pero foi o románico, como cultura e estilo artístico, o que maior pegada deixou nas ribeiras do Sil, leito fluvial do que Sober é un dos seus fillos. O fenómeno da peregrinación a Santiago propiciou a afluencia de xente a Galicia, alcanzando unha gran transcendencia no século XII. A ruta fixa que seguían os peregrinos desde Francia, aínda que había varios itinerarios, denominouse Camiño de Santiago.

A partir do século XI os monarcas dos diferentes reinos polos que cruzaba o camiño, así como as ordes relixiosas, encargáronse de construír e mante-las infraestruturas que facían posible a peregrinación, en especial, pontes e hospitais. O tránsito continuado de persoas por esta ruta favoreceu o tráfico comercial e de ideas. Exercían tamén un labor colonizador das terras deshabitadas. Nacen novos burgos e vilas e o clero levanta ermidas, capelas e igrexas para atende-las necesidades do culto. Polo Sil entrou en Sober a cultura románica que incorporou, ás formas e ideas autóctonas, os novos esquemas procedentes de Europa e do norte peninsular. As igrexas de Canaval, Proendos, Lobios e Pinol, entre outras, son froito en Sober da etapa florecente que representou para Galicia o fenómeno das peregrinacións.

Na parroquia de San Salvador de Figueiroá, no monte denominado dos Cótaros, consérvase nunha pena unha singular escultura rupestre ou petróglifo, de formas circulares, moi similares ós do Xestal na veciña parroquia de Proendos.



Igrexa de San Sillao de Lobios.

Aquí nas pedras denominadas das Portelas, Xestales, do Cabalo, Toxaes e Palomar tamén hai insculpturas prehistóricas de forma circular.

Santa María de Bolmente é unha parroquia situada ó sur do termo municipal, linda co río Sil. No século IX aparece esta freguesía, citada nunha doazón feita ó mosteiro ourensán de Santa Cristina de Ribas de Sil. Exercían o señorío xurisdiccional os Condes de Lemos.

A igrexa de Bolmente, de probable orixe románica, foi reconstruída a finais do século XVIII, conserva restos de traza románica na estrutura da nave central e nas outras partes do templo. É de planta basilical con tres naves e unha aparatosa espadana na súa fachada. Da época románica conserva cinco caneiros lisos no alzado sur da ábsida, unha seteira no testeiro e o arco triunfal do interior.

Este exemplar de igrexa rural é a antesala das excepcionais paraxes do río Sil, en especial do seu impresionante canón que neste punto alcanza as cotas máis altas. O encaixe do Sil por esta zona divísase, de forma privilexiada, desde os miradoiros construídos polo Instituto Nacional para a conservación da natureza.

San Pedro de Canaval está situado na beira do río Cabe, na zona norte do municipio. Algúns historiadores relacionan o nome de Canaval cun destacamento militar romano asentado nas proximidades do castro Dactonio, capital da Terra de Lemos. A igrexa desta localidade aparece vinculada ó mosteiro de San Pedro de Valverde (Monforte) no século XII. Na centuria seguinte relaciónase coa orde dos Cabaleiros do Temple e con posterioridade é a Casa de Lemos a que ten potestade sobre ela.

O estado actual da igrexa corresponde coa restauración que se realizou no século XVIII. É un edificio de planta rectangular, con ábsida da mesma forma e a sancristía pegada polo lado norte. Da súa traza románica primitiva só conserva algunhas



Sober leva 39 anos celebrando a Feira do Viño de Amandi.

discorre polo norte contando cunha estación en Canaval e un apeadoiro en Areas. Os accesos interiores compoñenos unha rede ampla de estradas e camiños afirmados, aínda que non en poucos casos estreitos, que dan servizo e comunicación a tódalas aldeas do Concello.

O medio natural

O espazo natural máis importante fórmalo a garganta fluvial do Sil. As paredes graníticas enmarcan o curso do río en profundidades de ata 500 metros respecto ás plenichairas circundantes formando o que se coñece como Canóns do Sil. O sector central destes canóns aparece incluído no Inventario de Espazos Naturais elaborado pola Xunta de Galicia. Actualmente existe un fácil acceso a este lugar debido á gran cantidade de pistas e camiños que se fixeron no seu medio.

Polo que se refire á fauna cabe destacar que existen ricas comunidades herpetólogas, como por exemplo a cobra viperina, a cobra rateira, a cobra de escaleira, a cobra lisa europea, a cobra de auga, eslizón, lagarta e lagarto verdinegro. Encontrámo-lo



Viñedos e miradoiro de Souto Chao, en Doade.

Continúa na páxina seguinte...

....Ven da páxina anterior.

formas románicas do século XIII na súa fachada principal e no interior. A porta principal, de factura románica, consta dun arco de medio punto con tres arquivoltas de sección rectangular e puntas de cravo na maior. Os soportes son columnas pareadas con dúas xambas. As columnas teñen capiteis cúbicos e as súas bases e fustes son lisos, ó igual có tímpano. No interior o arco triunfal que comunica a nave co plebiscitario é de medio punto de grande amplitude.

O dato máis antigo que se conserva da súa existencia data de 1115 e trátase dun documento no que un tal Munio Romariz doa esta igrexa ó mosteiro de Valverde en Monforte. O templo de Canaval a mediados do século XIII aparece como unha enco-

menda do Temple. Estivo en mans desta orde ata a súa extinción, momento no que recaeu na Casa de Lemos.

San Sillao de Lobios

Os apreciados viños Amandi que se colleitan tamén nesta parroquia e as fermosas vistas sobre o río Sil son un motivo suficiente para visitar este lugar, no que ademais atoparemos importantes obras arquitectónicas. A igrexa de Lobios é unha interesante mostra do románico rural, con elementos de transición e oxivais. A súa



Embarcadorio dos Chancis.

construción data do século XIII. A sancristía é posterior e a espadana é barroca, do

1806. Os materiais empregados na súa construción son perpiaños de granito moi regulares. Antes desta igrexa había un mosteiro visigodo do século X. Actualmente o topónimo mosteiro consérvase aínda nun barrio desta parroquia. Moi pretiño da igrexa está a capela da Raíña dos Anxos ligada a unha fermosa lenda: unha moza do lugar rouboulle unha cadea de ouro a una mouro, ésta inmediatamente se transformou en serpe. A rapaza, que lle ía escapando, ó pasar por diante da capela encomendouse á Virxe e a serpe adquiriu de novo a figura humana. Entre a igrexa e a capela hai un interesante cruceiro á marxe dereita da estrada que une a capital do municipio con Doade.

WINE TOUR

Doade, 79- Tierras de Lemos.
27424-Sober-Lugo

Tfno: 982198717
650770179
E-mail: abasacra@yahoo.es
www.abasacratrip.com

Tren Turístico Aba Sacra

Subes?

56 PLAZAS

EXCURSIONES

PACK COMPLETO:

- TOUR
- VISITA BODEGA
- MENÚ RTE ACANTINA
- CON GUÍA ESPECIALIZADA

RECORRIDO TURISTICO POR LOS VIÑEDOS DE LA RIBEIRA SACRA

Tren Turístico Aba Sacra

Buscan en Sober un antigo asentamento medieval

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural aceptou unha proposta do Concello de Sober para profundar na investigación dun antigo asentamento situado en Proendos formado por unha vila romana e outra do alto medievo. Este departamento da Xunta asinou un convenio coa administración local para levar a cabo unha serie de catas, en concreto cinco, naqueles lugares máis prometedores desde o punto de vista arqueolóxico. A tales tarefas destinarase unha partida que ascende a algo máis de 20.000 euros.

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, explicou que o proxecto xa está deseñado e aprobado por Patrimonio e que os puntos onde se farán as prospeccións están definidos. Actuarase nunha zona na que o georradar localizou enterrado un gran edificio con partes anexas que ocupa unha extensión duns 3.000 metros cadrados que se cre é de época romana, nun hórreo do alto medievo e nun punto no que todo apunta á existencia dun amplo mosaico.

Entre as conclusións achegadas pola empresa Ronsel Arqueoloxía e Patrimonio mediante o uso dun georradar a finais do pasado ano, atópanse a existencia dunha construción de gran envergadura, cun-



Recreación da vila romana en medieval en Proendos.

ha estrutura a modo de ábsida, e con evidencias de que dispoña de baños no seu interior.

Nas proximidades hai outras edificacións de menor tamaño, asociadas a rúas, que denotan, segundo os especialistas, "un armazón urbano en época antiga en Proendos". Outros puntos prospectados ofrecen información sobre posibles estruturas de almacenamento, captación de auga e mesmo unha máis que probable estrutura defensiva a modo de foso, así como a xa coñecida necrópole de Proendos.

Pequena cidade

Todo sinala a unha pequena cidade cun urbanismo "sofisticado", segundo apuntou Fernández Guitián, quen está moi ilusionado coas novas tarefas arqueolóxicas que levarán a cabo e os posibles

achados.

O alcalde quere dispoñer a medio prazo dun centro de interpretación da cultura castrexa, romana e visigótica. Será ao aire libre e localizarase en Proendos. Serán uns mil metros cadrados de terreo que contarán con paneis informativos e recreacións en 3D para informar os futuros visitantes sobre o rico patrimonio histórico e cultural existente neste lugar. O plan comezará a materializarse cando comecen as escavacións para sacar á luz os restos arqueolóxicos.

Numerosos veciños de Proendos teñen nas súas casas algún resto arqueolóxico de orixe romana ou do medievo que descubriron mentres araban as terras da súa propiedade. Por iso pénsase que alí está a Proencia que relatan os historiadores.

O tren turístico polo río Sil renovase



Saída do tren turístico desde A Cantina de Doade (Sober).

A empresa turística Aba Sacra de Doade (Sober) renova esta primavera o tren turístico que percorre as estradas das parroquias de Doade e Amandi polo que adquiriu unha nova cabeza tractora e dous vagóns con capacidade para 28 persoas cada un deles, de gran confort e adaptados a persoas con discapacidades. Esta renovación supón un investimento de 160.000 euros.

A máquina é un tractor New Holland T5, comprada no concesionario da marca en Monforte e enviado a Cataluña para a súa transformación e homologación como tren turístico. Conta coa necesaria potencia para subir polas empinadas ladeiras dos viñedos de Doade e Amandi. Os seus dous vagóns irán totalmente pechados e acristalados.

O tren turístico "Wine Tour Aba Sacra" púxose en marcha

fai dez anos. Desde entón, segundo sinala o responsable da firma, Antonio Rodríguez, transportou a máis de 65.000 turistas. Tras os primeiros anos esta oferta comezou a callar ata chegar a ter unha media que rolda os 8.000 viaxeiros ao ano, contando únicamente as viaxes regulares na zona de Sober.

Os percorridos complétanse cunha visita e degustación de viño na adega Regina Viarum, coa que Aba Sacra mantén unha estreita colaboración para ofrecer unha oferta turística de primeira orde, e mesmo cunha comida no restaurante A Cantina. O novo tren aumentará a frecuencia das súas saídas e ofrecerá aos visitantes un roteiro específico que foi bautizada coa denominación de "Pasaadegas", con paradas en varias adegas para que os viaxeiros poidan probar os seus viños e adquirilos.

Sober coloca trampas á velutina

O Concello de Sober retoma a loita contra a velutina ou avésa asiática colocando trampas e atraente. A intención é frear a expansión deste insecto que está causando graves danos, sobre todo na apicultura. Colocáronse 250 trampas en árbores froiteiras en diversos puntos do Concello. As trampas e o atraente entréganse de forma gratuíta aos apicultores, ademais de colocarse en lugares estratéxicos das 22 parroquias de Sober.

Coa distribución das trampas polas distintas parroquias preténdese evitar que as raíñas, despois dun período de hibernación, poida



Niño de vespa velutina.

comezar a elaborar niños. Estímase que con cada niño primario que se evite tamén se freará a expansión deas entre 5.000 e 7.000 avésas que ten cada un deles. As raíñas están despertando, polo que

convén actuar cantos antes para que a velutina non se siga expandindo. Se alguén atopa un niño de velutina deberá chamar ao 112 para que procedan á súa retirada, dín o Concello.

Naturgy reelectrifica parroquias de Sober

A compañía eléctrica Naturgy comezou importantes obras de reelectrificación na parroquia soberina de Bolmente. Trátase da construción dun centro de transformación no lugar de Cimadevila, en concreto da liña de media tensión e de baixa tensión, que afectará á practica totalidade da parroquia de Bolmente e a unha parte da parroquia de Figueiroá e da parroquia de Barantes. Esta importante mellora supón un investi-

mento aproximado de 180.000 euros e vai mellorar o subministro eléctrico desa zona do Concello, o que traerá consigo que non se repitan as baixadas de tensión que ás veces se producían.

O Concello de Sober agradece o importante investimento que fai a compañía eléctrica na renovación da liña nestas parroquias, que é continuación doutras melloras que xa se fixeron en anos anteriores noutros puntos da localidade.

O Premio Trasalba foi para Manolo de Buciños

Manuel García Vázquez, escultor nado en Buciños (Carballo, Lugo) e residente en Ourense foi galardonado co Premio Trasalba, que concede anualmente a Fundación Otero Pedrayo. Así o decidiu a comisión executiva da fundación, nunha reunión telemática. “Maioritariamente pensouse que nestes tempos de desacougo e dó, as institucións como a nosa, deben tratar de continuar o seu esforzo de servizo á colectividade, así como renderlle homenaxe solidaria tamén, a todos os desde o ámbito sanitario e calquera outro, se esforzan por facer posible e menos difícil as nosas vidas”, sostén a fundación nun comunicado.

O premio entrégase a persoas dedicadas á cultura galega, que

seguen os valores que promoveu Ramón Otero Pedrayo. Lembra o presidente da Fundación Otero Pedrayo, Juan Luis Saco Arce, que Manolo de Buciños formou parte da tertulia dos Artistañs, grupo que incluía a Xaime Quesada, Xosé Luís de Dios, Acisclo Manzano, Xavier Pousa e Arturo Baltar. Esta XXXVIII edición do Premio Trasalba debía entregarse no mes de xuño, o sábado máis cercano ao día de San Pedro, pero a situación sanitari fai que se teña que adiar, aínda sen data concreta, pero se as circunstancias o permiten será “entre a vendima e a castiñeira”, sobre o mes de outubro.

Exposición e libro

O artista expuso en marzo no centro cultural Marcos Varcárcel,

antes de que se decretase o estado de alarma. O libro “Diario de Artista. Buciños” recolle as facetas persoal e artística de Manolo de Buciños. A publicación forma parte do programa de actividades “Diario de artista”, unha iniciativa que xira ao redor da figura e da obra de Manolo de Buciños, organizada pola Fundación “Xoán Piñeiro”. Este libro é unha achega á vida mesma, unha escolla de lembranzas, cunha reportaxe fotográfica do artista e do taller. Obras, monumentos, espazos, ambientes, unha relación documental, todo arredor das palabras do escultor nunha longa entrevista de Camilo Franco.

Franco explicou que esta publicación é “a aproximación que fai a Fundación a Buciños, unha



Manolo de Buciños, segundo pola esquerda, na presentación do “Diario de Artistas”.

aproximación que ten que ver coa obra e coa personalidade”. O libro ten a intención de ser un “libro obxecto”, sinalou Camilo Franco, quen afirmou que esta publicación quere amosar á xente que se trata “dunha peza coidada e feita a medida do contido que ten, e o contido que ten é Buciños”. O xornalista explicou que o libro ten un deseño de Pepe Barro “que se sae do normal, porque quere ser o libro que represente a Buciños, que cando a xente o abra vexa quen é o escultor no artístico, no humano, no senti-

mental e no irónico, porque todas esas partes están representadas a través dos textos, das reportaxes fotográficas e da maneira que cada unha desas cousas están colocadas nesta publicación”. “Diario de artista” é unha iniciativa que pretende ofrecer unha visión de conxunto dos escultores, na que se combine o repaso ás súas traxectorias co seus puntos de vista e as propias opinións dos artistas. Esta primeira edición está dedicada a Buciños quen será Fillo Adoptivo da provincia de Ourense.

O Concello regala libros á xuventude

O Concello de Ourense recompensará a todos os nenos e mozos de ata 18 anos pola etapa de confinamento co regalo dun libro da súa elección en calquera das librerías da cidade. Ademais de fomentar a lectura entre a mocidade, o Concello quere axudar o comercio local e, neste caso, o sector libreiro, especialmente afectado polo peche decretado polo estado de alarma.

O libro, elixido á vontade até un importe de 20 euros, poderase recoller desde finais de xuño, cando remata o curso escolar, e durante todo o mes de xullo. O único requisito é ser ourensán, menor de 18 anos, e dar o nome na librería. Segundo as primeiras estimacións, fá-

lase de máis de 10.000 libros para nenos e mozos de Ourense.

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, manifestou a súa satisfacción por este acordo co sector libreiro, xa que reúne a política de fomento da lectura entre os máis novos co apoio sen burocracias a un dos sectores comerciais da cidade. O presidente da Asociación Provincial de Libreiros, José Manuel García, atopábase “encantado” pola súa banda: “Non necesitamos subvencións, necesitamos xente nas librerías”, afirmou logo da reunión mantida na Alcaldía, e á que tamén asistiron Pilar Rodríguez, tesoureira da Asociación de Libreiros, e Mario González, concelleiro de Cultura.

Os ourensáns recibiron libros o Día das Letras Galegas

O Concello de Ourense repartiu o día 17 de maio 2.700 libros de obras gañadoras dos certames literarios que organiza. Para o alcalde, Pérez Jácome, que estivo acompañado polo concelleiro de Cultura, Mario González, e outros membros do equipo de goberno, o acto “foi todo un éxito”, ademais de poñer de manifesto que o obxectivo que se quería conseguir con esta iniciativa “non é outro que os libros cumpran a súa función vital; que acaben na man do lector”.

Lembra o alcalde que noutras ocasións, e con motivo de celebrar o Día das Letras Galegas



“facíase unha pequena actuación artística e achegábanse poucas persoas a este lugar, a Sala Valente, mentres que hoxe houbo colas para recoller os libros”, o que pon de manifesto que a iniciativa, “a pesares das críticas da oposición, foi un éxito e contou coa resposta dos ourensáns”.

Tamén puxo de manifesto o alcalde que os cidadáns que acudiron “leváronse libros que

tiñan agochados os anteriores gobernos, principalmente o PSOE, ao editar miles de libros que se atopaban en caixas gardados a cal e canto”. Polo que a decisión do novo goberno estaba clara, no senso de que ao non poder facer outro tipo de actividade, era que toda a cidadanía que así o quixera poida ter estas obras editadas polo Concello e gañadoras dos certames literarios.

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

LIMPEZAS PEREIRO

Servizo integral.
Limpeza comunidades.
Limpeza e mantemento.

626 41 35 30. 626 41 35 33.
988 25 91 15

Boeiro, s/n 32792 O PEREIRO DE AGUIAR

Opinión

Por Avelino Jácome

Un rato enriba dun queixo

Presumindo como un rato enriba dun queixo, co pantalón "pitillo" marcando paquete; a camisiña de raías conxuntada coa americana branca de verán coas ombreiras de moda, unhas gotiñas de auga de colonia, para "Hombres que dejan huella" agasallo de meu irmán Suso, que coído que non notará a falla.

Saio fachendoso, camiño da verbena, cantado o "Xirarei" de Xil Rios, primeiro baixo a Costa da Fonte, outros chámalle "a subida de rompecús", un saudiño a Teresa pasando o Prado do Muíño, mais o meu agradecemento por pasárlleme tan ben o ferro a camisa, tiro fachendoso cara a Costiña do Baño. O día que estivera fermoso e soleado, deses días azuis, onde o ceo parece pintado, agora ameaza tronada, uns pegotes negros que asemellan os borróns nese debuxo imaxinario, e no prado, os veciños cargando, "a fume de carozo", a herba nos carros.

Se chove na herba seca, estrágase, xa o di o pai "herba seca mollada, herba escarallada", por iso se xuntaron tódolos veciños de Ribas do Asneiro alí, axudando como se houbera lume, mulleres e homes, con catro carros e cinco xugadas, e eu penso que debería axudar, pero non quero manchar nin a americana nova nin a camisiña de raías.

Ao dobrar onde o regato, e encarar a pista de Mouriscade, albisco ao pai coa galleta cargada, suando, cun pano de man debaixo da gorra. O prado é dos de "Frutos"

cos que nos nunca nos levamos moi ben, "pero cando hai que axudar de verdade, non se mira iso" outro dito do pai, e el está alí, botándolles unha man.

Entón, íspome da americana, e a camisa, agárrome a unha galleta e axudo a cargar un dos carros, Maruxa a dona dime "deixa Aveliniño que vas estragar a roupa nova", é o seu xeito de darme as grazas.

Todos apuramos sen reparar en esforzos, unhas gotas avisan que a treboada está a caer, óese un trono lonxe pola banda do Candán, os primeiros dous carros xa saíron para a palleira, nuns intres meterannos a colleito, mentres nós imos rematando o derradeiro, Jesús de Xan e Nilo de Bastián, atan co adival o outro, agora os lóstregos anuncian que pronto chegará a auga, ás presas amañamos o noso carro, e como foguetes tiramos para a palleira, o noso métese no curro dos de Cesáreo que alí non se molla, co apuro esquecinme de recoller a roupa, boto a correr cara o prado a ver se chego a tempo de que non se mollen, mais chegando á casa dos do Castrelo, estoupa un trono deses tan forte que tremen os cristais, e a comporta ábrese, e a auga cae a caldeiros, como unha fervenza, asolagando o camiño e a min.

A roupa está xa tan mollada que pinga o collela, tiro cara a casa cabreado, esta verbena estásame complicando, pero "de perdidos ao río", ao chegar o pozo de Blanco ispo os pantalóns e os "calzoncillos"

e dende a "cañota" do fondo, chímpome como Deus me trouxo ao mundo ás augas do meu Asneiro querido, para que me arrinque o po da herba da pel e o mal xenio da roupa mollada dos miolos, a friaxe faime estordegar. O Asneiro é frío de verán e de inverno, mais ten esa dozura que acariña e calma; trae risas nas correntes e prantos nas tostas, coñece tantos mortos como pingas de auga leva; os mortos de todos espállanse cara o mar, deixando algunha escuma, son relampagos da felicidade de "ter sido" ou de ser para sempre, no océano do amor, contoumo o pai unha noite, "ao vivir xa non se morre nunca", dixo "o triste de verdade, é morrer sen haber vivido".

Deixeime levar polos arrollos da auga e cando me din de conta xa parara de chover, a noite achegábase entre lusco e fusco, e o ameneiro de Jaime, brillaba coa luz vermella anunciando que mañá viría un novo día de calor, saín e puxen os "calzoncillos" mollados; para non ir nu cara a casa, e non lles dar máis que falar as vellas.

O pai estaba na cociña de lareira, cocendo uns cachelos e díxome "sécate ben que che vou fritir uns ovos e un chourizo, que terás fame dabondo, e colga a roupa no arame do corredor, para que che sirva para mañá", fixenlle caso e bulín todo o que puíden, que viña famento, cando cheguei de volta xa estaba a mesa posta e o aceite a quecer, fritímolos ovos e sentamos a cear.

A cadelíña tamén se puxo debaixo da mesa agardando as sobras, o pai quedouse mirando un anaco, torceu o "bigotiño" e díxome: "Chiquito, hoxe portácheste como

un home, como un bo home! estou be orgulloso de ti", e os ollos enchéron-selle de bágoas, e eu retruqueille; "xa, pero a festa de Cris-timil vouma perder!"

Entón, escachando a rir díxome, "sorte que onte che preparei a outra roupa, o pantalón branco de pinzas e a camisola negra, e mais falei con Antonio de Elías que o atopei na Picha, e dentro dun anaco vai el tamén e lévate en coche".

Entón saín de detrás da mesa e ferreille unha aperta e un par de bicos, "ti dende logo papá sábelas todas, es o mellor home do mundo".

Pasoume a man pola testa rindo e díxome, "anda, Chiquito, anda vaite vestir e déixate de Andrómenas, que ata agora ben enrabiado andabas", e sacando vinte pesos do peto meteumos na man sorrindo, el sempre sabía darche todo, e un sentía que aínda lle facía un favor recibindo.

Namentres estaba escribindo esta Andrómena, chamoume meu curmán Pedro, dándome a mala nova do pasamento do meu tío Manolo o home da tía Esther, que estiveron con nós en Venezuela, agardo atoparme de volta cos dous o día da resurrección na que creo, e facer un xantar na praia de Branco a carón do Asneiro, toda a familia xunta. Mentres agardo sempre lembrarei "que o que viviu, xa non morre, o triste de verdade é morrer sen haber vivido" e tanto ti papá como o tío Manolo vivistes de verdade.



Aparece a publicación "Nós, a Xente do redor"

Cumpresen cen anos daquel nacemento da revista NÓS. Cando o prodixio xurdiu na cidade dos afiadores e das Burgas, a Atenas Galega. Logo dun século daquela loita, e despois tamén

dunha pandemia un novo rexurdir das letras, sae desta pandemia tan rara "Nós, a Xente do Redor. A cultura non pode quedar parada, senon morrerá o mellor da Humanidade". Son palabras de

Avelino Jácome, director na nova publicación.

Desta filosofía nace "Nos, a Xente do Redor". O primeiro número virtual xa se pode ollar de balde nas redes sociais; tamén se pode solicitar impreso cun custe de 5€ que se usarán para poder editar o segundo número. Máis de 20 autores colaboran neste primeiro número: pintores, escultores, poetas,

fotógrafos, diseñadores...

Asinan os seus traballos: Miguel Angel Martínez Coello, Paco Ascón, Marina Sánchez, Avelino Jácome Iglesias, Purificación Pasionaria Quintas, Marcos Pardo, Manuel Blanco Villar, Miguel Blanes, Pepa Álvarez Gómez, Tony Ferrer, Fina Cruz, Marila Abad, Antonio Martínez Coello, Avelino Jácome Dobarro, Isabelly Victoria Carmo Val-

verde, Daniel Sutil Moreira, María Rosa González Méndez, José Ramón Fernández Morgade, Pablo Cid e Berta Dobarro.

"Dende cativos de oito anos, ata xovenes de oitenta colaboran neste proxecto que pretende un novo rexurdir desa cultura do pobo, una estrella que escintile no ceo de Ourense, nace con vocación de quedarse", sostén Jácome.

Cociña caseña
Arroces variados
Racións
Terraza exterior

Praza Eironciño dos Cabaleiros, 3
(Casco Vello)
988 24 59 37. OURENSE

O Capricho

Servizo a domicilio

CASCO HISTÓRICO OURENSE
Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
Tfn. 988 981 601

As novas oportunidades da Ribeira Sacra

Por Nuno Cardal*

Se estivermos atentos aos ensinamentos da História poderemos apreender lições e ilações que nos permitirão compreender o presente e perspectivar melhor o futuro.

Assim sendo verificamos que os tempos de adversidade podem ser simultaneamente tempos de oportunidades. Foi o que aconteceu com o turismo em Portugal nos inícios da segunda década deste século XXI. As “Primaveras Árabes” e os conflitos na Grécia levaram a procura de outros destinos turísticos mais seguros e Portugal foi bafejado com essa busca tendo-se tornado

num destino de eleição que oferecia sol, paisagem, cultura, gastronomia e segurança.

As circunstâncias que vivemos actualmente vieram, mais uma vez, trazer alterações profundas à forma como nos deslocamos como vivemos e consequentemente como iremos fazer turismo.

Nos tempos mais próximos teremos de privilegiar destinos turísticos de proximidade, que não impliquem o uso do avião, vamos olhar mais para o transporte individual, vamos procurar destinos fora das grandes cidades em que se evitem grandes aglomerados, vamos preferir um maior contacto com a natureza e diversidade de actividades.

Tudo isto são características que re-



Catamarán no río Sil.

conheço e vejo na Ribeira Sacra. Penso que se abre agora um “mundo” de oportunidades que tem de ser de imediato aproveitado e divulgado. É evidente que há algum trabalho a fazer pois é necessário incutir confiança para que os turistas voltem de novo a viajar, têm de ter a certeza que os alojamentos, e os mais pequenos serão privilegiados (pela mais baixa

probabilidade de contágios) estarão devidamente higienizados, provavelmente criando um selo de garantia. Os restaurantes também terão de ter novas regras provavelmente atender por turnos e fazer “take away” para os clientes poderem comer em zonas de piquenique.

A Ribeira Sacra sendo uma área “user friendly” do automóvel e oferecendo uma tão vasta variedade de actividades: visitas a mosteiros, vinhas, adegas, oficinas de artesanato, miradouros, igrejas e castelo, passeios de barco e de balão de ar quente pode e deve devido a sua qualidade, se tornar num destino turístico e cultural “premium” da Península Ibérica.

*Nuno Cardal é licenciado em História pela Universidade de Coimbra. Escritor, fotógrafo e especialista en xestión do turismo. Máis de 10 libros publicados en Portugal, prologados muitos deles pelo Presidente da República, Rebelo de Sousa.

SOS Priorado de Doade

Por Antonio Rodríguez Álvarez*

O antigo Coto de Doade, actual parroquia pertencente á freguesía de Amandi, conserva as ruínas dun priorado que pertenceu á antiga abadía beneditina de San Vicente do Pino, desde sempre moi vinculado á viticultura pola súa localización xeográfica, segundo despréndese da documentación histórica existente.

A mediados do século XIX, a desamortización provocou, algún tempo despois, o seu abandono segundo pon de manifesto o erudito monxe samonense Pai Maximino Arias, autor dunha monumental e ben documentada historia do Mosteiro de San Julián de Samos apoiada tanto no tombo de Samos desaparecido



durante un tempo e achado a principios dos anos 80, estudado polo profesor Lucas Álvarez, como nas fontes documentais custodiadas principalmente no Arquivo Histórico Nacional. Neste momento, está a piques de derubarse sen que ningunha administración competente na materia de defensa do noso patri-

monio construído e cultural puxese o máis mínimo interese na súa conservación. No seu momento, a Asociación Cultural Amigos de aCantina de Doade solicitou a súa inclusión como BIC no decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe Cultural da Ribeira Sa-

cra, sen éxito.

Doade era unha das zonas máis importantes de viñedos para o mosteiro beneditino desde que no século X, ano de 969, os condes Don Nuno Sarracine e a súa esposa Dona Goeva doaron “o Coto de Duade” ao mosteiro. De feito figuran constantes conflitos e preitos entre varios señores e o mosteiro polo valor dos viñedos e produción de viño. Como puxo de manifesto o investigador monfortino Felipe Arias a lenda da “Coroa de Lume” na que se narra o asasinato do abade debeuse aos preitos polo Coto de Doade.

O Priorado sufriu as nefastas consecuencias da mal planificada e pesadamente xestionada desamortización vendéndose o edificio que aínda segue, máis mal que ben, en pié e as súas propiedades a terratenientes. O edificio loce un imponente reloxo de sol. Todo o espazo que comprende o edificio central coa súa cociña, forno, che-

minea, cuadras, pom-bal, adega e casa lagar e as súas máis de 238 ferrados de propiedades contiguas

aos inmobles utilizouse pola súa casa matriz para recadar os diezmos e primicias dos veciños.

As series históricas da recadación de diezmos e primicias están pendentes dun estudo sistemático que nos permitiría coñecer o volumen de uvas colleitadas e tamén analizar o clima ao longo de séculos en función dos datos que se extraigan sobre as ordes do abade para o inicio das vendimas.

*Antonio Rodríguez Álvarez é licenciado en Historia, secretario de Concello e do Corpo Superior da Administración da Xunta de Galicia.



Restaurante
A NOSA CASA

Terraza
Aparcadoiro

988 222 227
610 791 813
fax- 988 251 032

Carroleiro, 2 - Ceboliño

CASCO HISTÓRICO

OURENSE

Taberna **Enxebre**

607 085 027 Lepanto, 14 baixo Ourense

O novo bus urbano de Monforte é gratuito

O alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé Roca, deu a coñecer os primeiros datos en canto a número de pasaxeiros do novo autobús urbano de Monforte, un autobús que comezou a súa actividade o pasado 1 de febreiro, logo de ser presentado o novo vehículo ós medios de comunicación na praza Campo de San Antonio. O alcalde sinalou que “o novo bus urbano de Monforte transportou, en mes e medio, máis persoas que en todo o ano anterior”.

“En febreiro e na primeira metade do mes de marzo utilizaron o novo servizo de bus urbano unhas 6.000 persoas, o que supón

case 1.000 persoas máis que en todo o ano 2019, todo un éxito para este novo servizo de transporte público municipal”, dixo o alcalde.

Segundo datos facilitados pola empresa concesionaria do servizo, durante o pasado mes de febreiro foron 3.886 os viaxeiros do bus urbano monfortino, mentres que do 1 ó 14 de marzo, contabilizáronse 2.013 pasaxeiros. En total, en mes e medio de funcionamento do servizo, alcanzáronse os 5.989 usuarios. “Dende o inicio da posta en funcionamento, o novo bus urbano tivo unha excelente acollida por parte dos cidadáns, o cal queda demostrado con estes

datos”, sostén o alcalde.

Neste senso, dende o equipo de goberno do Concello “amosamos a nosa satisfacción coa valoración que fan do servizo os monfortinos e monfortinas, e queremos trasladarlles o noso compromiso de que, tan pronto como sexa posible, o bus urbano gratuito volverá a funcionar con normalidade para dar servizo a todos os veciños e veciñas de Monforte”, salienta Tomé Roca.

O servizo do bus urbano foi suprimido temporalmente o pasado 14 de marzo, logo de que o Goberno de España decretara o estado de alarma. O novo bus urbano de Monforte é un caso



Os monfortinos valoran moi positivamente este servizo.

único en Galicia e practicamente en toda España xa que, ademais de contar cun vehículo novo, moderno, adaptado para persoas con mobilidade reducida ou con

algunha discapacidade, e accesible a todos os cidadáns, o servizo destaca por ser de carácter gratuito para todos os seus usuarios.

Educación licita a rehabilitación integral do CEE Infanta Elena de Monforte

A Consellería de Educación e Formación Profesional publicou na plataforma Contratos de Galicia a licitación da obra de rehabilitación integral do Centro de Educación Especial Infanta Elena de Monforte de Lemos, por importe de 934.836,72 €. A execución das obras será de 3 meses.

O obxectivo é poder iniciar os traballos no verán e compatibilizalos a partir de setembro co novo curso escolar, sempre baixo as máximas condicións de seguridade e respectando as indicacións das autoridades sanitarias. A obra é susceptible de cofinanciación polo Fondo Europeo de

Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

As obras comprenden unha parte dirixida á mellora da eficiencia enerxética do centro e outra na que se realizan traballos de diferente tipoloxía dirixidos á mellora da funcionalidade e estado das instalacións. Neste caso para mellorar a eficiencia enerxética procederase ao illamento da fachada polo exterior mediante sistema SATE, así como do forxado baixo cuberta, ademais de á substitución da cuberta por unha nova de panel sándwich con acabado de chapa nervada de aceiro e illamento intermedio, con novos calóns e baixantes.

Así mesmo instalaranse fiestras de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidro dobre baixo emisor, mudaranse as persianas por unhas novas de aluminio con illante térmico interior e colocaranse luminarias con tecnoloxía LED.

No referido ao resto de actuacións, o programa contempla diversas medidas para a mellora da accesibilidade do centro, como a execución de novas ramplas na zona de porche e reforma das existentes e a reforma integral do grupo de aseos de alumnado en planta baixa e primeira, así como dos vestiarios e aseos da zona residencial. Esta renovación



Colexio Infanta Elena de Monforte de Lemos.

incluírá solados, revestimentos, equipamento, fontanería, saneamento e, nalgúns casos, ventilación. maiores colocarse un novo pavimento de tarima nas aulas de psicomotricidade, fisioterapia e salón de actos; novos falsos teitos en varias aulas e espazos, entre eles o comedor; substituí-

ranse algunhas portas interiores e pintaranse os paramentos.

Por outra banda, ampliarase a porta de acceso á parcela para facilitar a entrada de autobuses de transporte escolar e dotarse dun novo pavimento tanto a explanada de aparcadoiro e paradas de buses como as beirarrúas perimetrais.

A Xunta retoma a mellora da estación de autobuses de Monforte

A Xunta de Galicia vén de retomar as obras de mellora integral da estación de autobuses de Monforte de Lemos, ás que destina 155.000 euros. O delegado territorial de Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que os traballos volven estar en marcha despois de verse afectados durante dúas semanas polo decreto estatal que paralizou as actividades non esenciais, entre elas as obras públicas.

A volta á actividade desenvólvese ex-

tremando as medidas de precaución, como o uso de mascarillas e o respecto das distancias de seguridade. Os traballos de reforma na estación de Monforte comezaron a finais de xaneiro. Balseiro lembrou que se levará a cabo unha renovación completa das instalacións, con melloras no interior do edificio e nos exteriores, incluídas as dársenas e a cuberta.

O proxecto inclúe o repintado de teitos e paredes; a actualización do sis-

tema de iluminación e de recollida de augas pluviais; a execución de reformas nos aseos e o acondicionamento do peche perimetral exterior do recinto, entre outras.

Tamén está prevista a dotación de novo mobiliario na zona de agarda, onde se instalarán bancos; e a colocación de pantallas informativas electrónicas para reforzar a información sobre as saídas e chegadas dos autobuses.



Operarios traballando no tellado da estación.

Monforte, capital da Comarca Terra de Lemos e da Ribeira Sacra

Monforte de Lemos é un concello do sur da provincia de Lugo (Galicia). Capital da comarca Terra de Lemos e da Ribeira Sacra é o núcleo de poboación máis grande da provincia, despois de Lugo. O concello ocupa un val entre os ríos Miño e Sil e a cidade crúzaa o río Cabe. Cunha superficie de case 200 quilómetros cadrados e a 300 metros sobre o nivel do mar, Monforte de Lemos entendeuse sempre como a entrada natural a Galicia desde Castela.

A historia de Monforte de Lemos estivo sempre vinculada ao Mosteiro de San Vicente do Pino. Nos séculos XVI e XVII Monforte de Lemos acadaba transcendencia internacional coa persoa de Don Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos e Virrei de Nápoles. Tamén nesta época o Cardeal Rodrigo de Castro proxecta o Colexio Nosa Señora da Antiga, (Escolapios), edificio emblemático da cidade, coñecido como o Escorial Galego.

En 1883 o rei Alfonso XII inaugura a liña férrea entre Madrid e A Coruña, convertendo a Monforte no nó ferroviario de Galicia. Dous

anos despois, por decreto real, Afonso XII outórgalle a Monforte o título de "cidade", en agradecemento polos esforzos para a chegada do ferrocarril. Comeza unha nova época de crecemento social, económico e cultural.

Hoxe Monforte de Lemos segue sendo cabeceira de comarca, centro administrativo e a capital da Ribeira Sacra. O turismo é un dos dinamizadores do concello e da contorna, ademais da importante actividade cultural e social.

Escudo

A Comisión de Heráldica de Galicia define o escudo oficial de Monforte así: "De prata (branco) un monte de ouro, sumado dunha torre do mesmo, acompañado no centro dunha Tau de gules (vermello) e de seis roeis de azur nos flancos".

Segundo o informe previo presentado á Xunta polo Concello, a Tau emprégase a lo menos desde 1846 nos documentos municipais como emblema heráldico da cidade, aínda que non se conserva libro de acordos plenarios ao respecto.

A proliferación da Tau en lugares emblemáticos da cidade –suxiren os investigadores– animaría aos

xestores municipais a utilizala desde mediados do século XIX.

Feira medieval

Coa Feira Medieval, Monforte rememora unha das épocas de maior esplendor da cidade da que dá mostra o Castelo de San Vicente coa súa Torre da Homenaxe comandando o Val de Lemos. Estamos na época do Condado de Lemos que na súa rama principal, contou coa Casa dos Castro, mecenas de escritores e artistas que destacaron pola súa filantropía e interese nos avances sociais e intelectuais.

Mostra dese pasado é tamén o Convento das Nais Clarisas e toda a colección de arte sacro que atesoura, unha das máis importantes de España; ou a muralla e toda a cidade intramuros que nos falan da importancia da presenza xudea en Monforte.



Feira medieval.

Monforte natural

Os recursos turísticos cos que conta o Concello de Monforte precisan de tempo para coñecerlos. Os monumentos e museos son algúns dos principais atractivos deste Municipio Turístico de Galicia, pero ademais o territorio do concello conta con multitude de atractivos naturais e paisaxísticos.

Se o visitante busca contacto coa natureza, a veciñanza é ben coñecedora de en que lugares evadirse dentro da propia capi-



Fogos artificiais nas festas da patronais.

talidade municipal. A cidade conta con parques e xardíns en todos os barrios, pero hai espazos que son especialmente interesantes como a ladeira de San Vicente e o Parque dos Loureiros ou o Parque dos Condes.

Desde o Parque dos Condes

en lugares como a área recreativa de Ribasaltas e Villanueva.

Monforte é final da cuarta etapa do Camiño de Inverno a Santiago e inicio da quinta etapa, que levará ao camiñante ata Chantada. Facer o camiño é sempre unha atractiva opción de lecer para quen queira estar en contacto coa natureza.

E se seguimos querendo natureza, estamos na capital da Ribeira Sacra, territorio declarado BIC e para o que se persegue ante a UNESCO que sexa declarado Patrimonio da Humanidade e Reserva da Biosfera. Unha cita cunha natureza desbordante pode levarnos ata o Miradoiro do Duque sobre os viñedos en socacos do río Sil ou ata o embarcador da Ponte do Sil, no concello de Monforte, desde o que disfrutar dunha nova perspectiva e desde onde se inician as demandadas viaxes en catamarán polo canón do Sil.

Adicar uns días a vivir a natureza de Monforte de Lemos sempre é unha terapia para o espírito. O audiovisual "Monforte natural" fainos un percorrido por estes recursos.



Convento de Santa Clara.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



José Tomé Roca, alcalde de Monforte.

“O Plan Reactiva Monforte, a maior axuda que fixo nunca o Concello”

José Tomé Roca (Guitiriz, 1958) é profesor de Tecnoloxía Agraria e político socialista. Alcalde de Monforte desde 2015 e presidente da Deputación de Lugo desde 2019, comenta a actualidade municipal. Sobre as decisións para loitar contra a COVID19 indica:

- O equipo de goberno do Concello, ademais de implementar as recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias, puxo en marcha, a través de máis de 20 decretos, iniciativas para mellorar a vida dos nosos veciños e axudalos a levar o mellor posible este período de profunda crise. Destaco o Plan Reactiva Monforte, que significa a maior axuda económica que se fixo nunca dende o Concello, en concreto, 1,4 millóns de euros en axudas directas a pequenas empresas, autónomos, así como traballadores con contratos temporais ou por conta allea. Tamén eximimos do pago de impostos a empresas e parti-

culares. E repartimos máis de 70.000 mascarillas sanitarias entre toda a poboación, e temos pendente o reparto doutras 100.000, ademais de proporcionar EPI's e elementos de hixiene e protección a residencias, ó persoal do Hospital Comarcal e ás empresas que nolos demandaron.

- As celebracións previstas para primavera e verán celebraranse noutras datas?

- A primeira das nosas grandes celebracións que se viu afectada foi a Feira Medieval, que este ano alcanzaría a edición número 18. Neste senso, decidimos aprazala, e non suspendela. A nosa intención é celebrala, se as condicións o fan posible, e baixo un formato adaptado ás circunstancias, dentro deste ano 2020. Respecto do Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte, previsto para a primeira fin de semana de xullo, barallamos tamén adialo e tentar celebralo a finais deste ano, si é posible. En canto ás

Festas Patronais de agosto e o Programa de Verán, haberá que ir vendo segundo discurra a desescalada.

- A situación actual en que medida pode afectar ao futuro inmediato dos monfortinos?

- No momento desta entrevista, atopámonos na Fase 1 do estado de desescalada. Os pequenos pasos que imos dando na redución de número de contaxiados e falecidos, permiten ter unha moi moderada esperanza, pero non por elo debemos baixar a garda ante esta pandemia. Seguimos baixo un estado de alarma e no noso camiño cara á Nova Normalidade, debemos seguir mantendo as medidas de seguridade e condicións de hixiene para evitar unha volta atrás e un repunte da pandemia, que sería moi prexudicial para todos. O presente e o futuro pasan por seguir as recomendacións do Goberno e das autoridades sanitarias, e dende o Concello de Monforte seguiremos traballando día a día

pola paulatina recuperación da nosa economía e da nosa vida en sociedade, polo ben de todos os monfortinos e monfortinas. Neste senso quero incidir na importancia que actualmente está tendo para o municipio o Plan Reactiva Monforte ó que me refería antes e que destina 1,4 millóns de euros en axudas directas a través de 5 liñas: axudas de 1.000 euros para ás pequenas empresas (autónomos e entidades mercantís, con ou sen personalidade xurídica propia), que sexan titulares de establecementos comerciais abertos ó público cando a súa actividade se vise afectada polo peche de establecementos decretado polo Covid-19, e con domicilio fiscal en Monforte. Axudas de 200 euros para traballadores autónomos que se viran obrigados a cesar na súa actividade con posterioridade ao 15 de marzo de 2020 e por circunstancias relacionadas co Covid-19. Tamén axudas de 200 euros ós traballadores por conta



allea que se tiveran visto afectados por un expediente de regulación de emprego (ERTE) por mor do Covid-19 así como para traballadores por conta allea que tiveran sido obxecto de despedido por causas técnicas, organizativas ou da produción, excepto despidos disciplinarios, con posterioridade ao 15 de marzo de 2020. E finalmente, axudas de 200 euros para traballadores contratados temporalmente cuxo contrato finalizase con posterioridade ó 15 de marzo de 2020, e non fose renovado pola falla de actividade da empresa debido ó Covid-19.

Monforte, capital da Ribeira Sacra



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

